



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Emenda decreto aprobación bases xerais procesos selectivos*

##### ANUNCIO

**EMENDA BASES REGULADORAS XERAIS DE DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS PARA ACCESO EN PROPIEDAD POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN EN TURNO LIBRE POR EXECUCIÓN DE CONVOCATORIAS PENDENTES DE EXECUCIÓN DA OEP 2017, OEP 2019 E OEP 2020**

Téndose aprobado por Decreto n.º 1157/2021, do 5 de maio de 2021, “Emenda das bases reguladoras xerais de diversos procesos selectivos aprobadas por Decreto n.º 414/2021, do 18/02/2021 (publicadas no BOP de A Coruña n.º 36, do 24/02/2021), procédese á publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

PRIMEIRO.–Proceder á emenda do erro contido nas Bases xerais reguladoras, no apartado GRUPO C2-AP e asimilados laborais (grupo IV e V) da base 6.1.2 “Exercicios da oposición” do seguinte teor:

Onde dí:

“1.º exercicio: carácter obrigatorio e non eliminatorio. Exame tipo test de mínimo 50 preguntas, con respostas alternativas sobre temario. Tempo máximo de realización: 1 hora. Cualificación máxima 10 puntos, a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.”

Debe dicir:

“1.º exercicio: carácter obrigatorio e non eliminatorio. Exame tipo test de mínimo 50 preguntas, con respostas alternativas sobre temario. Tempo máximo de realización: 1 hora. Cualificación máxima 20 puntos, a determinar criterios nas bases reguladoras específicas.”

SEGUNDO.–Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación da presente emenda no taboleiro de edictos, BOP de A Coruña e demais trámites que resulten procedentes.

Arteixo, 5 de maio de 2021.

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

2021/3859